

1. Subliña os grupos adxectivos destas oracións.

- Os meus amigos son moi deportistas.
- Os nenos chegaron demasiado cansos.
- Naquela época non eramos tan previsores como agora.
- Vivimos na primeira casa detrás da central eléctrica.
- A gañadora fixo un dobre salto con medio xiro desde o trampolín.

2. Rodea os grupos adverbiais do seguinte texto.

Mañá vou de viaxe ás Cies. A pesar de que non están nada lonxe de aquí, non fora nunca. Sempre nos pasa que aquilo que temos máis preto é aquilo que coñecemos peor.

3. Subliña os grupos preposicionais destas oracións. Logo, indica a súa estrutura ao lado.

- Queres auga con gas? →
- Foron correndo cara á entrada. →
- Os nenos xogaban ao balón. →
- Vive na casa de María →

4. Rodea o núcleo destes grupos de palabras. Logo, indica de que tipo son.

- Moi vermello →
- Ben lonxe →
- Perigosas de máis →
- Fácil de usar →
- Extremadamente cedo →
- Preto de aquí →

5. Completa as oracións de cada cartela cunha palabra polisémica.

- No da feira hai moitos postos de froitas.
- Este verán estivemos acampando preto dun de flores.

- Onte lín un moi interesante no xornal.
- O é un tipo de determinante.

6. Completa estas definicións coa palabra axeitada.

..... Estrela que dá luz e calor á Terra, que se ve desde ela en forma de disco luminoso.

..... Quinta nota da escala musical.

- Que tipo de homonimia se dá nesta palabra?
- Explica por que.

7. Cal destas palabras é homónima homógrafa? Rodéaa e, despois, escribe as definicións que coñezas.

ollo

basto

té

vasto